



En Boiro, sendo as 16:20 horas do 24 de maio de 2023, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior
2. Avaliación de competencias
3. Oferta educativa de centro
4. Programacións Didácticas
5. Conclusións: PFFP. Proxecto competencial, avaliacións iniciais, rúbricas...
6. Rogos e preguntas

#### **1. Aprobación, se procede da acta anterior.**

María Ana Domínguez, directora do IES sinala que a acta, como é costume, atópase dispoñible na páxina web para súa lectura.

Apróbase a mesma por unanimidade

#### **2. Avaliación de competencias**

María Ana informa sobre as novas funcionalidades que estarán dispoñibles no XADE para a avaliación do alumnado por competencias.

Ditas funcionalidades, a día de hoxe, non están en funcionamento, polo que se decide utilizar as ponderacións aprobadas na CCP anterior para avaliar as competencias.

#### **3.-Oferta educativa de centro**

María Ana informa sobre as tres novas materias que se ofertarán o vindeiro curso:

- Cultura financeira: materia de tres horas que se ofertará en 3º da ESO.
- Intelixencia Artificial: materia cunha carga lectiva de tres horas que se ofertará en 4º ESO.
- Tecnoloxías intelixentes: materia cunha carga horaria semanal de catro sesións e que se ofertará en 1º de Bacharelato.

A directora, María Ana, explica tamén que na anterior CCP quedou aprobada a oferta de Oratoria en 3º ESO e de Cultura Clásica en 4º ESO. Con motivo da marcha dun dos profesores afectados, poderían volvera a ofertarse ambas materias nos dous cursos, tal e como se viña facendo anteriormente. Procédese á votación e acórdase por maioría (15 votos a favor, 6 votos en contra) ofertar as materias como se aprobara na anterior CCP

#### **4.-Información Programacións Didácticas**

María Ana informa das indicacións e recomendacións que dende inspección se fan, con aquelas programacións que se fixeron este curso, a través, da aplicación PROENS

#### **5.- Conclusións PFFP: proxecto competencial, avaliacións iniciais, rúbricas....**

María Ana, directora do centro, explica os resultados da PFFP que se levou a cabo conxuntamente co IES de Barraña, e no que o resultado final foi a realización dun proxecto (mapa interactivo de Boiro) que se incluírá na Concreción Curricular de Centro e que poñerá en marcha o vindeiro curso.

#### **4.- Rogos e preguntas**

-María Ana recorda a necesidade de responder ao correo enviado por Vicedirección, solicitando información a cada departamento para a participación no Fondo Libro.





XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
ESPIÑEIRA



Espiñeira  
15930 Boiro (Santa Baia)  
881866630 881866638  
ies.espineira@edu.xunta.gal  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesespineira/>

galicia



Erasmus+

-María Ana recorda a necesidade de reforzar as gardas por parte de aqueles profesores que non teñen alumnos de 2º Bacharelato.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA

Asdo.: Raquel García Couto

Ausentes:

- Rivas Cao, Pablo Benito



Xacobeo 21-22